

02/2024.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 22/01/2024

No salón de sesións da Casa do Concello das Pontes de García Rodríguez, o día 22 de xaneiro de 2024, ás nove horas e corenta minutos reúnen, baixo a presidencia do primer tenente de alcalde asistido da secretaria que referenda, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, co fin de desenvolver a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

PRESIDENTE:

Antonio Alonso Román (Decreto de substitución 140/2024, do 22 de xaneiro)

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS:

Ana M^a Pena Purriños

Elena López Seco

María Tania Pardo Cabarcos

Roberto Rivera Rego

Lorena Tenreiro Blanco

Carmela Franco Caaveiro

Francisco da Silva Vello

María Jesús Romero Franco

Diego Balsa Bellas

M^a del Carmen Dopico Rodríguez

NON ASISTEN CON ESCUSA:

Fernando Vilaboy Ledo

Valentín González Formoso

SECRETARIA:

Marina Núñez Orjales

Aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1º.- SORTEAR AS MESAS ELECTORAIS QUE SE CONSTITUIRÁN CON OCASIÓN DAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DO VINDEIRO 18/02/2024

O presidente da sesión explicou que mediante o Decreto 150/2023, do 25 de decembro, de disolución do Parlamento de Galicia convócanse eleccións para o vindeiro 18/02/2024.

De acordo co artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral, a formación das mesas compete aos concellos, baixo a supervisión das xuntas electorais de zoa.

O sorteo arriba mencionado debe realizarse entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria; por iso, propónse ao Pleno efectuar o sorteo para a

formación das mesas electorais que se constituirán con ocasión das citadas eleccións autonómicas.

O sorteo efectuarase mediante a aplicación informática facilitada polo Instituto Nacional de Estatística, IDACELEC. Elíxense o maior número de suplentes que permite a aplicación (14) para cubrir as eventuais renuncias que podan producirse.

De seguido, a secretaria municipal realiza o sorteo para a súa posterior notificación ás persoas que foron elixidas para formar parte das mesas electorais.

2º.- RECOÑECIMENTO DA COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES PRIVADAS POR PARTE DUN TRABALLADOR DO CONCELLO

O presidente da sesión da conta do ditame da Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos do 17/01/2024.

O concelleiro explica o contido do expediente, que ten a referencia 2023/X999/002235.

Os antecedentes de feito son os seguintes:

- En data 27/12/2023 (non o día 28 como, por erro, figura na providencia de inicio do procedemento) tivo entrada no rexistro municipal -e foi asentado co núm. 202399900004816- un escrito de ARP, titular do DNI (cifrado) ***4735**, profesor do Conservatorio Profesional de Música das Pontes de García Rodríguez, de titularidade municipal, no que solicita o recoñecemento de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas, por cumprir, ao seu entender, cos requisitos esixidos legalmente.
- O interesado presenta documentación de dous centros privados de Ferrol e Narón, na que se reflicte que as actividades para as que pretende o recoñecemento de compatibilidade consisten na impartición de docencia na materia de música en cursos de 2º e 3º da E.S.O., durante catro horas semanais, polas mañás, nun colexio; e catro sesións lectivas á semana, no outro. En concreto, os luns e mércores entre as 10:25 h e as 12:05 h (Colexio La Salle, de Ferrol); e os luns e mércores de 12:50 h a 13:40 h e de 13:40 h a 14:30 h (Colexio CPR AYALA SCGa, de Narón).
- A súa xornada no Conservatorio é de tarde, e o horario lectivo no presente curso escolar 2023/2024, os luns e mércores, é de 15:00 h a 21:00 horas, segundo o informe emitido en data 29/12/2023 polo director do Conservatorio.
- Mediante Providencia do 28/12/2023, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, dispuxo que se iniciase e tramitase o procedemento correspondente.
- No expediente obra un informe xurídico favorable, emitido o 12/01/2024 polo técnico de administración xeral (TAX) encargado da tramitación do procedemento.

O Pleno do concello á vista dos antecedentes citados e fundamentos xurídicos contidos no indicado informe, en particular, nos artigos 1.3, 9, 11, 12, 13, 14 e 16.4 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, acada o seguinte acordo por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes (6 do PSdeG-PSOE, 4 do BNG e 1 do PP):

- 1º) Recoñecerlle a ARP, con DNI (cifrado) ***4735**, a compatibilidade para o exercicio de actividades privadas, nos termos contidos na súa solicitude.
- 2º) O interesado poderá compatibilizar o exercicio das ditas actividades privadas co posto de traballo de profesor do Conservatorio Profesional de Música das Pontes de García Rodríguez, de titularidade municipal, sempre que o seu exercicio non interfira no correcto desempeño dos cometidos que ten encomendados na entidade local, no relativo ao cumprimento da xornada, horarios, quendas de traballo, etc., consonte nas normas establecidas ou que se poidan establecer no futuro.
- 3º) O recoñecemento de compatibilidade aquí efectuado quedará sen efecto se o interesado deixa de reunir os requisitos legais e regulamentarios nos que se fundamenta o presente acordo.

REMATE DA SESIÓN

Finalmente, a presidencia dá por rematada a sesión ás nove horas e corenta e sete minutos, estendéndose dela esta acta, da que, como secretaria, certifico.

A secretaria

Marina Núñez Orjales

O presidente en funcións

Antonio Alonso Román

ARQUIVO DE VÍDEO

O arquivo correspondente a gravación realizada durante a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello das Pontes de García Rodríguez do día 22/01/2024 é auténtico.

O arquivo de vídeo da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

23FC0ECE5534E3104E75CF4E214F8C1AFC94E75327F9ACC3D723E6F337100EE3

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de vídeo, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento.

A secretaria

Marina Núñez Orjales